



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)

D^a Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)

D^a Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D^a Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día trinta de marzo de dous mil vinte e tres, xúntanse en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello, relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e a Interventora Municipal.

Non asiste (xustificando a ausencia):

D. Luis Angel Díaz González (PP).

A Secretaria accidental:

D^a. Montserrat Soto Soto

A Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A Secretaria accidental, da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

(Expediente TDeC: 2023/G006/000051)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 23/02/2023

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 23/02/2023

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; 1 voto a favor da persoa que integra o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera; 2 **abstencións**, da concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE: D^a Raquel Caruncho Corral e da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a Rocío Souto Torre, por non estar presentes na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 23/02/2023

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 27/03/2023, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 27 DE MARZO DE 2023

EXPDTE: 20232/G012/000048

2.- ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

PROPOSTA DE DITAME Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

Expediente núm.: 2023/G006/000048

Procedemento: Elección de Xuíz/a de Paz Substituto

Logo de ver o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con número de rexistro de entrada 331 de data 13/03/2023, polo que se comunica a este Concello, a proximidade do vencemento do período de catro anos polo que se nomeou Xuíz/a de Paz Substituto deste municipio, e se inicie, se así se acorda, novo expediente para elixir Xuíz/a de Paz Substituto no prazo de tres meses, tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial xa que, de non facelo, nomearase directamente pola Sala de Goberno do dito Tribunal.

Tendo en conta a providencia desta Alcaldía e o Informe da Secretaría Xeral sobre o procedemento, de data 15/03/2023 e 20/03/2023 respectivamente, sométese a ditame da



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto no Concello de Ponte deume.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica, para xeral coñecemento. Proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles, para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas, por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."

*Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes."*

Non habendo intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto no Concello de Ponte deume.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica, para xeral coñecemento. Proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles, para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas, por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3.- CAMBIO DO TOPÓNIMO OFICIAL "A HERBOSA" POLO TOPÓNIMO "A ARBOSA", PARROQUIA DE BOEBRE.

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 27/03/2023, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 27 DE MARZO DE 2023

EXPDTE: 2023/G012/000004

3.- CAMBIO DO TOPÓNIMO OFICIAL "A HERBOSA" POLO TOPÓNIMO "A ARBOSA", PARROQUIA DE BOEBRE

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

"CAMBIO DO TOPÓNIMO OFICIAL "A HERBOSA" POLO TOPÓNIMO "A ARBOSA", PARROQUIA DE BOEBRE

Expediente: 2023/X999/000071

Logo de ver a solicitude da Asociación Cultural Ardóbriga, con CIF nº G70195136, documento con rexistro de entrada nº 202399900000110 de 23/01/2023, na que solicita:

"Que o Concello solicite á Comisión de Toponimia de Galicia a revisión do Nomenclátor de Galicia en base a suxestión de cambio do topónimo oficial A Herbosa polo topónimo patrimonial A Arbosa que propoñemos no informe anexo a esta solicitude"

Fundamentado a dita solicitude en que na parroquia de Santiago de Boebre(Pontedeume), hai unha duplicidade de formas toponímicas entre o topónimo oficial A Herbosa (Decreto 189/2003 de 6 de febreiro, DOG do 25/03 /2003) e o topónimo patrimonial de uso no lugar A Arbosa que corre grave risco de desaparición.

Logo de ver o Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia (DOG do 21.09.1984)

Esta Alcaldía-Presidencia propón, para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a iniciación do expediente de cambio do topónimo oficial A Herbosa, recollido no "Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña" (DOG nº 59 de 25/03/2003), polo topónimo patrimonial A Arbosa, na parroquia de Santiago de Boebre, no Concello de Pontedeume.

SEGUNDO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á representación da Asociación Cultural Ardóbriga."

*Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes."*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra don Luis Pena Mosquera**, concelleiro do BNG, parécelle ben a petición da asociación e por iso votarán a favor da proposta porque é unha proposta dos veciños, de seguido di, que sería interesante que viñera ao Pleno cun informe do propio concello, ben da Concellería de Cultura ou da Normalizadora Lingüística, para poder tomar en consideración con coñecemento de causa. Finalmente indica que a propia asociación Ardóbriga, xa recibiu un informe en contra do Comité da Xunta, que retrotrae o topónimo "A Herbosa" ao século XVI. En todo caso reiteran o voto a favor. Pregunta ao Sr. Presidente se é coñecedor do informe do Comité.

- **Toma a palabra don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente**, indica que si é coñecedor do informe do Comité e que o concello non ten capacidade para informar este tema, pois o técnico do departamento de cultura non é experto na materia, e tampouco a normalizadora lingüística, é para encargalo a un servizo externo xa considera que o estudo que presenta a asociación é bastante rigoroso e documentado, que a proposta da asociación vai na liña de como a xente chamou á zona. Entende que na Xunta poden existir técnicos que sexan discrepancias ao plantexado pola asociación pero que a proposta da asociación vai na liña de como a xente chama á zona.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra don Luis Pena Mosquera**, que comenta que as primeiras aparicións do topónimo son do ano 1569 con “h” e con “e”, pero a documentación oral, da xente, xurde a partir do século XIX e XX, indicando que cando hai dous documentos contrarios, deberíase tomar as decisións máis fundamentadas. Finalmente di, que o voto será a favor, porque o piden os veciños e porque a resolución é da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia

Non habendo máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a iniciación do expediente de cambio do topónimo oficial A Herbosa, recollido no “Decreto 189/2003, de 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña” (DOG nº 59 de 25/03/2003), polo topónimo patrimonial A Arbosa, na parroquia de Santiago de Boebre, no Concello de Ponte deume.

SEGUNDO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á representación da Asociación Cultural Ardóbriga.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/03/2023

(Expediente TEdC: 2023/G006/000052)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **69/2023** de 16 de febreiro ao **159.2023** de 23 de marzo de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000093	Liquidación de Tributos-MODELO 111 IRPF, XANEIRO 2023	000069/2023	16-02-2023 14:33
2023/G003/000069	Elaboración de nóminas-RECOÑECIMENTO FUNCIONS DE SUPERIOR CATEGORÍA MIFO.	000070/2023	16-02-2023 14:33
2023/G003/000102	Solicitud Xeral a nome de Solicita: Licencia de obra	000071/2023	16-02-2023 15:17
2023/G003/000107	NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCTAL. DE DONA EVA M ^a GUERRERO RICO, POR AUSENCIA DA SECRETARIA TITULAR.	000072/2023	17-02-2023 14:03
2023/G003/000108	Solicitud Subvención Técnico de deportes	000073/2023	17-02-2023 14:24
2023/G003/000109	EXPEDIENTE DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 20.02.2023, E A COMISIÓNS INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS	000074/2023	20-02-2023 09:48

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	E FACENDA DE 20.02.2023		
2023/G003/000101	Convocatoria selección personal-CRITERIOS E BASES XERAIS PROCESOS ESTABILIZACIÓN. OEP 2021	000075/2023	20-02-2023 10:06
2023/G003/000089	Desestimación Recurso de reposición de Rexistro de entrada 097.	000076/2023	20-02-2023 10:04
2023/G003/000104	TRASLADO DE SOLICITUDE DE TRANSPARENCIA DE ...: LICENZAS CONCEDIDAS ANO 2020-2021. SE ESTÁ JOYPA NO LISTADO	000077/2023	20-02-2023 11:43
2023/G003/000100	Convocatoria selección personal-CRITERIOS E BASES XERAIS PROCESOS ESTABILIZACIÓN. OEP 2021	000078/2023	20-02-2023 11:43
2023/G003/000099	DESESTIMACIÓN RECURSO QUE PRESENTA DONA ... , BASES ESTABILIZACIÓN AUXILIAR POLICIA URBANÍSTICA.	000079/2023	20-02-2023 11:42
2023/G003/000091	Convocatoria selección personal-CRITERIOS E BASES XERAIS PROCESOS ESTABILIZACIÓN. OEP 2021	000080/2023	20-02-2023 11:42
2023/G003/000092	Convocatoria selección personal-CRITERIOS E BASES XERAIS PROCESOS ESTABILIZACIÓN. OEP 2021	000081/2023	20-02-2023 11:42
2023/G003/000060	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.. Solicita: Devolución de dichos avales.	000082/2023	20-02-2023 12:05
2023/G003/000086	TESOURERIA: SOLICITA PASAR AO SEU NOME O RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN RUA CLUB FIRRETE Nº 6 2º C	000083/2023	20-02-2023 12:06
2023/G003/000084	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de INVERSIONES LEMAR CORUÑA SL. Solicita: Cambiar la titularidad del recibo de lixo con nº fixo: 253000551187 que se esta emitiendo al anterior propietario con DNI32513862G, por lo que solicitamos se pase dicho re	000084/2023	20-02-2023 12:06
2023/G003/000083	TESOURERIA: SOLITA PASAR AO SEU NOME OS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN LOUREIROS 97	000085/2023	20-02-2023 12:45
2023/G003/000082	TESOURERIA: Solicitud Alta-Baja-Modificación de la taxa do Lixo a nombre de Solicita: Polo que solicito a Modificación da taxa do Lixo de dita vivenda, que constaba a nome de Jesús Malde.	000086/2023	20-02-2023 14:08
2023/G003/000111	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23/02/2023	000087/2023	20-02-2023 14:08
2023/G003/000106	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI9950000028110	000088/2023	20-02-2023 14:08
2023/G003/000079	TESOURERIA: LISTADO DE FACTURACIÓN DOS ABOADOS PERTENCENTES AO CONCELLO DE PONTEDEUME POLOS SERVICIOS DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN, CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2022. PARA APROBACION	000089/2023	20-02-2023 14:03
2023/G003/000094	Solicitud Subvención PEL Deputación 2.023	000090/2023	20-02-2023 15:08

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000070	SOLICITA ABONO DE CANTIDADE POR INCAPACIDADE PERMANENTE EN GRADO DE TOTAL RECOLLIDO EN CONVENIO	000091/2023	20-02-2023 15:07
2023/G003/000071	SOLICITA A COMPENSACION ECONOMICA POR NON DISFRUTAR DAS VACACIONS DOS ANOS 2021 E 2022	000092/2023	20-02-2023 15:07
2023/G003/000072	SOLICITA ABONO DE CANTIDADE POR INCAPACIDADE PERMANENTE EN GRADO DE ABSOLUTA RECOLLIDO EN CONVENIO	000093/2023	20-02-2023 15:06
2023/G003/000112	Tramitación de Decretos alta usuarias/usuarios talleres Culturais curso 2022/2023	000094/2023	22-02-2023 09:37
2023/G003/000113	PERSOAL-NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCIDENTAL.	000095/2023	22-02-2023 09:37
2023/G003/000119	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2023	000096/2023	22-02-2023 13:02
2023/G003/000098	TESOURERÍA-PAGO SEGUROS SOCIAIS MES XANEIRO 2023.	000097/2023	24-02-2023 12:27
2023/G003/000114	ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIA (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FREONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)	000098/2023	24-02-2023 12:27
2023/G003/000115	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 17597 2022	000099/2023	24-02-2023 12:27
2023/G003/000116	INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES FEBREIRO 2023.	000100/2023	24-02-2023 12:27
2023/G003/000118	Elaboración de nóminas-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES FEBREIRO 2023.	000101/2023	24-02-2023 12:27
2023/G003/000121	Solicitud Subvención para prórroga do ADL para o ano 2022	000102/2023	24-02-2023 14:20
2023/G003/000117	Solicitud Subvención Aprol Rural 2023	000103/2023	27-02-2023 14:01
2023/G003/000129	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (DNI 32928006X)	000104/2023	28-02-2023 10:51
2023/G003/000122	CONVOCATORIA PLAZAS ADMINISTRATIVO OEP 2019 PONTEDEUME	000105/2023	27-02-2023 17:44
2023/G003/000120	PROPOSTA NOMEAMENTO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS POLICÍA	000106/2023	28-02-2023 10:51
2023/G003/000132	Concurso de Contos Vila de Ponte deume 2023	000107/2023	01-03-2023 11:46
2023/G003/000131	XUSTIFICACIÓN PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2022 (FOPSS)	000108/2023	01-03-2023 11:46

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000126	Solicitud Subvención RISGA 2023	000109/2023	01-03-2023 13:21
2023/G003/000087	Solicitud Subvención Técnico de museos 2023	000110/2023	03-03-2023 11:37
2023/G003/000136	Solicitud General a nombre de ... Solicita: Anticipo dunha mensuralidade do meu salario.	000111/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000133	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. FICHEIRO DO MES DE SETEMBRO 2022	000112/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000137	EXPEDIENTE DE RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. FICHEIRO DO MES DE OUTUBRO 2022	000113/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000138	EXPEDIENTE DE RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. FICHEIRO DO MES DE NOVIEMBRE 2022	000114/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000088	TESOURERIA: Solicitud Alta-Baja-Modificacion de la tasa de Basura a nombre de SERMUPA SL. Solicita: Baixa no padrón do lixo desde o exercicio 2022 e a devolución do importe correspondente ao primeiro recibo do ano. O segundo recibo xa foi devolto a tra	000115/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000090	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de JON PORTAÑA ROBLES. Solicita: LA BAJA EN DICHA TASA, PUESTO QUE EL INMUEBLE HA SIDO VENDIDO EL 28 DE OCTUBRE DE 2021. ASIMISMO SE SOLICITA LA ANULACIÓN DE LOS RECIBOS EMITIDOS EN 2022	000116/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000103	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIO DE TITULARIDADE DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO E ANULACION DE RECIBOS DO ANO 2022	000117/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000127	TESOURERIA: SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE KNB 2019 GESTION SL. SOLICITA: SOLICITO LA ANULACIÓN DEL RECIBO, Y QUE SEA REMITIDA LA LIQUIDACIÓN A LA PERSONA CORRESPONDIENTE. AGRADECERÍA SI ME RESPONDIERAN AL SIGUIENTE CORREO; VGARCIA@KNB.ES	000118/2023	03-03-2023 14:48
2023/G003/000134	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000119/2023	01-03-2023 17:56
2023/G003/000135	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000120/2023	01-03-2023 17:56
2023/G003/000141	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000028143	000121/2023	07-03-2023 12:15
2023/G003/000145	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000122/2023	07-03-2023 12:14
2023/G003/000143	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 7401 2022	000123/2023	07-03-2023 12:14
2023/G003/000147	NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCTAL. D. NICOLÁS PLACER SANDE OS DÍAS 9 E 10 DE MARZO DE 2023.	000124/2023	08-03-2023 14:16

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000149	NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA EN DISTINTAS ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME, EN SUBSTITUCIÓN DE DAVID ÁLVAREZ FERREIRO	000125/2023	09-03-2023 10:24
2023/G003/000153	Convocatoria selección personal- PROCESO SELECCIÓN PARA FORMACIÓN BOLSA BIBLIOTECARIOS/AS-ARQUIVEIROS/AS	000126/2023	09-03-2023 10:24
2022/G003/000881	Decreto pagamento futbol sala Subvencións por concorrencia competitiva a entidaes deportivas para o ano 2021	000127/2023	09-03-2023 10:24
2023/G003/000151	CONVOCATORIA TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. XEFE DE SECRETARÍA. A1	000128/2023	09-03-2023 10:24
2023/G003/000154	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 9 DE MARZO DE 2023 (CAMBIO DE DÍA PARA 10 DE MARZO DE 2023)	000129/2023	09-03-2023 10:24
2023/G003/000150	CONVOCATORIA TÉCNICO DE XESTIÓN A2.	000130/2023	09-03-2023 10:24
2023/G003/000157	Convocatoria selección personal- BASES PARA COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA.	000131/2023	09-03-2023 12:10
2023/G003/000158	Solicitud Subvención infraestruturas turísticas	000132/2023	09-03-2023 15:07
2023/G003/000159	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000133/2023	10-03-2023 12:19
2023/G003/000155	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ	000134/2023	13-03-2023 12:20
2023/G003/000162	Convocatoria selección personal-CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, RECOLLIDA RSU.	000135/2023	15-03-2023 11:17
2023/G003/000169	Liquidación de Tributos- MODELO 111, IRPF FEBREIRO 2023	000136/2023	15-03-2023 12:06
2023/G003/000168	Solicitud Subvención Técnico de Turismo Deputación	000137/2023	15-03-2023 12:07
2023/G003/000167	Aprobación participantes servizo de conciliación municipal Madrugadoras/Madrugadores curso 2022/2023	000138/2023	15-03-2023 12:52
2023/G003/000165	TESOURERÍA: Solicitud Alta-Baja-Modificación de la tasa de Basura a nombre de SERMUPA SL. Solicita: Baixa no padrón do lixo desde o exercicio 2022 e a devolución do importe correspondente ao primeiro recibo do ano. O segundo recibo xa foi devolto a tra	000139/2023	15-03-2023 13:41
2023/G003/000123	Convocatoria selección personal-PAGAMENTO TAXA DOG CONVOCATORIA EXCEPCIONAL PROCESOS ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.	000140/2023	15-03-2023 13:42
2023/G003/000160	INCOACCIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. MARÍA VÁZQUEZ CADAVEIRA.	000141/2023	15-03-2023 13:45
2023/G003/000156	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000028273	000142/2023	15-03-2023 13:50

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000142	SOLICITUDE DE ACCESO AO EXPEDIENTE DE LICENZA DE APERTURA E FUNCIONAMENTO DO RESTAURANTE BRASILIA.	000143/2023	15-03-2023 13:57
2023/G003/000105	ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA: LICENZAS DE OBRA OU CONSTRUCCIÓN PARA NAVES DESTINADA A GARAXES DE REPARACIÓN DE COCHES SE CONCEDERON NO CONCELLO DE PONTEDEUME NA PARROQUIA DE CAMPOLONGO DENDE O ANO 1978 ATA O ANO 1983	000144/2023	15-03-2023 14:00
2023/G003/000174	Convocatoria selección personal-CONTRATACIÓN AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL, DONA. ... PERSOAL LABORAL INDEFINIDO-DISCONTÍNUO.	000145/2023	16-03-2023 14:07
2023/G003/000176	Solicitud Subvención Fondo de Cooperación Local	000146/2023	17-03-2023 12:02
2023/G003/000179	TESOURERIA: XUIZO VERBAL 79/2022 DEMANDANTE GESICO COMPRA DE IMPAGADOS SL DEMANDADO CONCELLO DE PONTEDEUME	000147/2023	17-03-2023 14:30
2023/G003/000183	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000148/2023	20-03-2023 10:25
2023/G003/000182	SOLICITA TARXETA PARA ESTACIONAMENTO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000149/2023	20-03-2023 10:25
2023/G003/000175	Solicitud Subvención	000150/2023	20-03-2023 14:57
2023/G003/000180	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000151/2023	20-03-2023 14:57
2023/G003/000163	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIO DE TITULAR DE VADO PERMANENTE	000152/2023	20-03-2023 14:57
2023/G003/000166	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000153/2023	20-03-2023 14:57
2023/G003/000188	Convocatoria selección personal- BASES PARA COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA.	000154/2023	20-03-2023 14:57
2023/G003/000186	Solicitud Subvención Limpeza de Praias 2023	000155/2023	21-03-2023 09:43
2023/G003/000189	Proposta de baixa e proposta de aumento de horas no servizo de axuda no fogar de dependencia.	000156/2023	21-03-2023 12:40
2023/G003/000190	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 23 DE MARZO DE 2023	000157/2023	22-03-2023 12:23
2023/G003/000191	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 27/03/2023	000158/2023	22-03-2023 12:23
2023/G003/000193	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XULLO 2022..	000159/2023	23-03-2023 14:25

Os concelleiros e as concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

5.- ASUNTOS DE URXENCIA



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non se presentaron asuntos de urxencia.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE, presenta para o Pleno de marzo a seguinte moción urxente:

MOCIÓN SOBRE A FALTA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O Alcalde-Presidente explica que a moción ven motivada polo incremento nos últimos anos do prezo do servizo do SAF (Servizo de Axuda no Fogar), servizo cofinanciado polo Estado, pola Xunta, e polos concellos e unha parte pequena polos usuarios en función dos seus ingresos. Indica que inicialmente estaba adxudicado a 11,50 ou 12,50 €/h, e agora na maioría dos concellos entre 19 €/h e 24 €/h. Di que o problema é que as melloras das condicións laborais do persoal establecidas no convenio colectivo do sector, levan consigo un incremento no custo do mesmo, e a vinculación do incremento salarial co IPC disparou os prezos este ano; polo que os concellos están asumindo en exclusiva o incremento dos custos, a Xunta cada vez concede máis horas, pero non temos capacidade económica suficientes, non só o Concello de Ponte deume senón que é unha cuestión compartida con outros concellos da provincia.

Continúa dicindo que a competencia de prestar o servizo é municipal, pero a competencia para financeiro é autonómica; que o Estado incrementou a partida de transferencia para este servizo en 13 millóns de euros, pero a Xunta reduciuna en 2 millóns e algo. Non é asumible que os concellos teñan que cargar cos incrementos destes custos, tendo en conta ademais, que cada vez hai máis persoas dependentes, que a Xunta concede máis horas de servizo que hai que prestar pero non acompañado cun incremento do financiamento do servizo paralelo ao incremento do servizo; sendo por tanto insuficiente a achega da Xunta, achega que unha parte é do que transfere o Estado.

Indica que os concellos nos se negan á prestación pero é unha petición moi compartida polos alcaldes e alcaldesas pero non asumir en exclusiva ese incremento. Xa se trouxera ao Pleno unha moción parecida, que se aprobou por unanimidade, e agora estase nunha situación similar, motivada porque a empresa que presta o servizo a quen se lle incrementara o prezo no Pleno anteriormente, volve a solicitar unha subida no prezo/h, polo incremento do custo salarial do persoal acreditado documentalmente. A situación é común a outros concellos e de ahí a urxencia, cada mes que pasa estase gastar máis recursos propios que obrigan a deixar de destinar a outras cousas.

Finaliza o Presidente indicando que Moción presentase por urxencia porque non estivo rematada ata fai tres o catro días.

O portavoz do BNG don Luis Pena Mosquera, indica que é unha moción xenérica, e que se estaba finalizada fai tres o catro días, cree que non é procedente que sexa entregada hoxe cun "whatsapp" as nove da mañá.

Toma a palabra don José Simoes Couceiro, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, responde que non van a entrar nestas cuestións das urxencias, é un procedemento legal.

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día a moción seguinte:

MOCIÓN SOBRE A FALTA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, don José Simoes Couceiro, comenta que é importante recalcar a precariedade que ten este traballo de axuda no fogar, é un



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

traballo moi duro e penoso, que a xente rechaza, o concello estase quedando sen profesionais se non se atopa unha solución rápida, a continuación da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

“MOCIÓN SOBRE A FALTA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas un par de anos. E completamente incomprendible ao tratarse dunha competencia autonómica recollida expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta limitábase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementábase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que “no mundo rural” se encarece ano tras ano.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado o aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámonos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, tal e como se reflicte nos propios orzamentos da Xunta de Galicia:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ano 2022: 51,3 millóns de euros

Ano 2023: 65,2 millóns de euros

En suma, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia presidido polo Sr. Rueda reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa aportación, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

É o momento, por tanto, de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.**
- 2. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.**
- 3. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector”**

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, concelleiro do grupo municipal do PP, indica que quere engadir un punto máis á moción, *“Instar ao Goberno Central a que cumpra coa Lei de Dependencia que o obrigue a sufragar en un 50% os gastos nesta materia”*

- **Toma a palabra don Bernardo Fernández**, di que se pode engadir un cuarto punto a maiores. Despois de debater como sería a súa redacción, quedaría deste xeito: *“ 4. Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia, que cumpran coas súas obrigas financiadoras deste servizo en base aos porcentaxes establecidos pola lexislación vixente”.*

- **Toma a palabra don Luis Pena Mosquera**, indica que neste caso sería necesario agregar no encabezado: *“... e ao Goberno do Estado...”*. O Alcalde-Presidente, está de acordo. A continuación pregunta, don Luis Pena, canto tempo leva o contrato do Servizo de Axuda no Fogar caducado?. Responde dona Raquel Carucho, concelleira do PSdeG-PSOE, dende o ano 2019, foron contratos independentes, primeiro saíu un cun montante de horas e logo outro, unificouse a hora. Finalmente di, o voceiro do BNG, que onde se debería traballar sería nos pregos de condicións dos contratos, para que salgan o máis rápido posible

- **Toma a palabra don Bernardo Fernández**, comenta que houbo que modificar os pregos varias veces polo incremento do custo e porque a Xunta da máis horas, non hai unha contratación neste servizo que sexa rigorosa dende o punto de vista contractual.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción emendada **in voce no seo do debate**, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, os **ACORDO** seguinte:

O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
2. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
3. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector
4. Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia, que cumbran coas súas obrigas financiadoras deste servizo, en base aos porcentaxes establecidos pola lexislación vixente.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP), formula para o Pleno do mes de marzo, os seguintes **ROGOS**:

- Solucionen las carencias del servicio de limpieza en Ricardo Sanchez.
- Rogamos se mantenga una reunión con los padres de los usuarios/as de la guardería municipal y se aclare cuando tienen que pagar y por que.
- Rogamos se adecente la placa del paseo Arturo Amado dentro de los jardines de Lombardero

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), non formula ningún **ROGO**, para o Pleno do mes de marzo.

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de marzo, as seguintes **PREGUNTAS**, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno local.

PREGUNTA 1. ¿Cuál será el coste del aparcamiento del Empedrado y si va a reorganizar el tráfico en el Empedrado y rúa Fonte Nova?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 1. O custo do aparcamento está dispoñible no Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal deste ano que foi aprobado en pleno contando tamén cos votos a favor do seu grupo. Plantexouse a posibilidade de reorganizar o tráfico facendo unha rúa de baixada e outra de subida, descartándose debido ao escaso ancho que ten a Rúa Fontenova que non permite o tránsito dunha furgoneta.

PREGUNTA 2. ¿Qué pasa con el semáforo de la Avenida da Coruña a la altura del CPR La Grande Obra de Atocha, San José? Lleva desde finales de 2022 instalándose y todavía no está operativo

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 2. Seguindo as indicacións da Policía Local e do Coordinador de Seguridade e Saúde da obra, dito semáforo entrará en funcionamento unha vez rematen os traballos de pavimentación e humanización da Rúa Club Firrete.

PREGUNTA 3. ¿Es legal enterrar el asfalto y el hormigón en el aparcamiento de al lado del cementerio y con que permisos cuenta?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 3. En primeiro lugar, durante a obra nesa parcela acopiouse diverso material. Cando se comezou co recheo fomos informados por dúas veciñas de que entre o material utilizado había asfalto polo que contactouse coa empresa que procedeu á súa retirada e traslado ao Centro de Tratamento de Residuos tal como consta na reportaxe fotográfica e xustificante de depósito dese material. Eses traballos foron supervisados por persoal municipal.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sobre o formigón utilizado trátase dun material inerte e non contaminante tal e como consta na documentación existente.

Ese recheo, tal e como se nos foi trasladado polos servizos técnicos municipais, non precisa de autorización posto que a excepción da rampa de entrada, necesaria e imprescindible para acceder a parcela, o resto non supera a altura media establecida.

PREGUNTA 4. ¿Va a poner en marcha la zona azul antes de las elecciones de mayo de 2023?.

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 4. Este goberno traballa ao longo dos catro anos de lexislatura polo que as xestións, investimentos, etc... non se realizan tendo en conta as datas das eleccións. A zona azul poñeráse en marcha tan pronto como dispoñamos do informe da Policía Local que será emitido tras o estudo que están a realizar sobre la implantación de zona verde para residentes.

PREGUNTA 5. ¿Cómo va a dar solución al problema de aparcamiento en Ricardo Sánchez que se ha generado después de la obra de la nueva plazuela en la Avenida? Se han acentuado las carencias para estacionar, ¿Seguirá aplicando su política de zona azul?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 5. Unha vez finalizados os traballos de humanización da Praza Maestro Álvaro Vázquez Penedo e Rúa Río Eume non se perderá ningunha praza de aparcadoiro tal e como xa se explicou no seu momento. Ao contrario, gañaránse catro prazas novas.

PREGUNTA 6. Un año después de la obra del aparcamiento en la travesía Río Eume, se ha tenido que volver a levantar la calle para completar la obra que se está haciendo en estos momentos. Queremos saber cómo esto repercute económicamente a los vecinos y por qué si la obra actual estaba proyectada no se esperó a asfaltar dicha calle y así no tener que obrar 2 veces?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 6. En primeiro lugar, non se levantou a rúa, se mantivo o firme existente que agora foi aproveitado para botar un novo firme enriba coa intención de dar continuidade á supresión de barreiras e a eliminación de bordillos contempladas no proxecto, de ahí que o único que se picou foi a beirarrúa na que non se actuou por aquel entón.

Esa rúa non se amañou hai un ano, senón hai dous anos e se fixo a petición dalgúns veciñas e veciños da zona debido ao seu avanzado estado de deterioro causando algún dano incluso nalgún vehículo. Esta actuación temporal realizouse de emerxencia tendo en conta o exposto anteriormente.

PREGUNTA 7. ¿Cuál fue el coste de los instrumentos y del material técnico que se compraron para el local de ensayo municipal?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 7. O custo ascendeu a 6.163,23 € correspondéndose este co material solicitado polo representante dos grupos que alí ensaian.

PREGUNTA 8. En la plataforma de eventos "Orquestas de Galicia" se informa de un evento en Ponte deume el sábado 20 de mayo con Discoteca Móvil "Maygon", en el entorno del Mercado Municipal. ¿Tiene algo que ver el Concello con esto?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 8. O Concello non dispón de ningunha notificación ou solicitude formal acerca da realización deste evento

PREGUNTA 9. Se ha ampliado a finales del año pasado el número de plazas de la guardería ¿ Actualmente hay niños en lista de espera para entrar ?

¿Cuántas plazas actualmente hay en la guardería que están con la gratuidad de la Xunta de Galicia y cuales están fuera de ella?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 9. A día de hoxe non temos lista de espera, xa que coa apertura da quinta aula cubríronse todas as solicitudes.

Dentro da gratuidade debemos aclarar, que non é soamente a Xunta de Galicia en contra do que se vende nos medios de comunicación, posto que o Concello asume máis de 260.000 € anuais por custos de xestión da instalación con recursos propios ao que hai que sumar gastos de luz, mantemento, etc...

En referencia o número de familias, existen 41 familias beneficiarias, 17 familia que xa por renta estaban exentas e 12 familias sen gratuidade (a pesar das opción recomendadas para non perdela debido ao incumprimento do establecido no Decreto da Xunta de Galicia en referencia á asistencia nos turnos solicitados tal e como se lle indicou a este Concello tras a consulta realizada por escrito á Dirección Xeral de Demografía da Consellería de Política Social)

PREGUNTA 10. Nos trasladan vecinos de Rego da Graña (Cabria Vella) que se les prometió el asfaltado del camino que lleva a sus casas, después de prometido el arreglo se les comunica que falta un permiso de Aguas de Galicia y finalmente se les comunica que no es de titularidad Municipal ¿ En que estado se encuentran los trámites de este camino y si no es de titularidad Municipal por que el concello hace la limpieza del mismo?



RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 10. Consultado naquel momento coa Policía Local trasladóusenos que dicho camiño de uso público está sendo utilizado por unha colectividade indeterminada de usuarios polo que por razóns de seguridade vial procédese á súa limpeza.

Inicialmente este camiño non se atopaba no Inventario Municipal elaborado polo seu grupo cando estaba no goberno.

Unha vez se nos solicita o arranxo do camiño é cando se detecta que non consta no Inventario Municipal de Bens polo que se inicia o expediente para a súa incorporación que tras os distintos informes elaborados polos técnicos municipais incorpórase nun novo expediente de data 28 de xuño de 2021. Entre medias contactouse con Augas de Galicia para a obtención dos distintos permiso necesarios que a día de hoxe non obran en poder do concello.

Este goberno mantén a súa vontade de arranxar ese camiño, actuación que se viu retrasada pola praxe dos seus compañeiros de partido que foron os responsables de elaborar ese Inventario de Bens que só pode considerarse como un verdadeiro desastre. Sirva como exemplo, que desde a nosa chegada ao goberno, preto de cen camiños que a pesares de existir desde hai décadas non estaban contemplados nese documento.

PREGUNTA 11. Visto que se modificó la acometida eléctrica del Mercado Municipal ¿Ya cuentan con contador cada uno de los puestos?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 11. Os defectos do expediente están enmendados, trasladouse á compañía subministradora os CIES que foron facilitados polos praceiros e agora se está a realizar a distribución de potencia por parte da empresa suministradora, non tendo resolución desa asignación ata o momento.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de marzo, as seguintes **PREGUNTAS**, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno local.

PREGUNTA 1. PISCINA. As protestas e queixas das persoas usuarias da piscina municipal son moitas e constantes. A situación das instalacións da piscina municipal é deplorable (zonas pechadas, goteiras, máquinas avariadas, urinarios sen amañar durante meses...), froito da falta de investimentos dos últimos anos. Dende cando está o contrato caducado da piscina municipal ? Esta é a calidade para un servizo público municipal que merece a veciñanza ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 1. O contrato de xestión da Piscina Municipal realizouse cando o seu grupo formaba parte do goberno. Eses pregos de condicións non contemplaban, como houbera sido lóxico, unha auditoría de seguimento sobre o mantemento desas instalacións á que empresa adjudicataria estaba obrigada. Ao longo de todos eses anos realizáronse todo tipo de actuacións nesa instalación contrarias algunhas delas ás propias especificidades técnicas desa infraestrutura. Cambiáronse conducións, modificáronse estruturas, realizáronse cambios estruturais en maquinaria, etc...

Este goberno, unha vez rematado o contrato, contratou tanto a redacción dos pregos para un novo. Esta vez sí, incluíndo nos mesmos unha auditoría anual da instalación. Tamén contratou unha auditoría de todo o edificio ao mesmo equipo de arquitectos e enxeñeiros que redactou o proxecto da actual piscina polo ano 2000.

Debido á pandemia as conclusións desa auditoría foron entregadas neste Concello meses atrás na que se conclúe que hai unha serie de desperfectos, froito do desgaste e do fin da vida útil de distintos elementos, outros pola falta de mantemento e outros pola modificación das características técnicas de montaxe dalgúns instalacións.

Xa logo de todos eses anos, se tivera feito as labores de control, seguimento e inspección desa instalación non teríamos chegado a esta situación.

A día de hoxe, trasladouse á empresa os resultados desa auditoría ao que se acompañará a pertinente reclamación.

Ao mesmo tempo, por parte do Concello e tal e como se comentou con anterioridade, comezouse a redacción dos pregos para o novo contrato, que unha vez elaborados, tiveron que ser modificados en varias ocasións debido a distintas circunstancias, a última delas, o importante incremento do custo enerxético que debe estar contemplado, como é lóxico, nun documento destas características.

Ademáis esta mesma semana, nos consta que están a realizarse traballos de reparación da terraza da instalación.

Tamé aproveitamos esta pregunta para informarlles que este concello tramitou a solicitude dunha subvención de 220.000 € relacionada con Fondos Next Generation para ser investidos na mellora desta instalación.

PREGUNTA 2. DEPORTE FEMININO. Forum sobre deporte e igualdade con dous homes como poñentes. Realmente non foron capaces de atopar a ningunha muller para falar deste tema ? Este é o camiño para fomentar a participación feminina ? Este é o criterio que establece o Plan de Igualdade de Oportunidades de Ponte deume para este tipo de accións ? Necesita o goberno suxerencias ?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 2. En primeiro lugar, Non se pode opinar dun acto sen asistir ou ter referencias do mesmo. Por respecto á xente involucrada no traballo e por respecto tamén a quen está a sufrir dita discriminación.

As dúas persoas que encheron a Casa da Cultura, Carlos Castro e Óscar Losada, son directores e presentadores de documentais de deporte feminino, programas de radio e revistas de deporte feminino (entre outros).

Presentaron un proxecto no que falan de innumerables fitos históricos de mulleres no mundo do deporte, dende os anos 20 ata os anos 80, incluíndo declaracións das propias protagonistas no que contaban as súas propias experiencias e no que se facía referencia ao primeiro equipo de fútbol feminino da nosa vila que data do ano 1970, o Eume Fontecelta que protagonizou unha fermosa exposición o pasado ano e un recoñecemento ás ex xogadoras e familiares.


Foi unha xornada de sensibilización e reflexión sobre a igualdade no deporte, dentro das actividades programadas para reivindicar o Día Internacional da Muller, no que se busca a igualdade no ámbito deportivo e enorgullece que dous homes (neste caso os creadores dos documentais), sexan os encargados de transmitir aos centros escolares e demais asistentes tan valiosa información e material audiovisual.

Os dous convidados á xornada teñen o recoñecemento da que foi a única asociación de Mulleres Deportistas Galegas (MUDEGA).

Tanto Óscar Losada e Carlos Castro recibiron o galardón que esta asociación concede ás persoas amigas do deporte feminino.

Así mesmo, compre lembrarlle que ningún Plan de Igualdade prohíbe ou limita a asistencia ou participación dos homes nos distintos actos que se poidan organizar. Á vista do seu comentario, faise necesario lembrarles que a loita pola igualdade, iniciada hai décadas polas mulleres foi acompañada e respaldada tamén por homes sensibilizados e comprometidos coa igualdade efectivas entre homes e mulleres.

PREGUNTA 3. CAMIÑO CABRÍA VELLA. Sobre os camiños da imaxe, nomeados cun 1 e cun 2, situados en Cabría Vella, cal ou cales son camiños públicos ? Cal ou cales son limpados habitualmente por empregados do concello ?? Fixeron vostedes promesas electorais, fai xa máis de 8 anos, a algún d@s veciñ@s de arranxar o camiño ??



RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 3. Atoparán a resposta a esta pregunta na número 10 do Partido Popular. Así mesmo a necesidade de arranxo deste camiño, foi trasladada a este equipo despois da súa chegada ao goberno. Polo tanto, nunca hai máis de oito anos.

PREGUNTA 4. CONTRATO GALILANDIA. Os empregados de Galilandia levan soportando retraso nos pagos dende fai máis de 1 ano. Unha situación insoportable para calquera familia.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En novembro do 2022 decían vostedes que “o prego está terminado desde hai semanas “. Agora novamente algúns empregados levan máis de 3 meses sen cobrar, algo inadmisibile. De verdade non cren que este trámite debería levar a máxima urxencia pola súa parte ? Cal é a data prevista para que unha nova empresa empece a prestar os servizo cos traballadores subrogados ?? A única forma de que se poñan a traballar neste tema é que saia unha nota de prensa denunciando este feito ??

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 4. Para empezar, este trámite é da máxima urxencia para este goberno, dende logo para máis urxencia que para vostedes que en todo este tempo non sacaron un minuto para achegarse polo concello ou para contactar telefónicamente con membros do goberno ou persoal municipal para interesarse por esta cuestión.

Os pregos, como xa dixemos están redactados e o expediente iniciado. Pero polas súas características a xestión deste tipo de contratos non se fai dun día para outro. A solución máis rápida é a que cumpriría tomar, dados os incumprimentos da empresa, conlevaría a imposibilidade de subrogar a este persoal nun novo contrato, sendo polo tanto a máis lesiva para os traballadores aos que este goberno defende e con quen tivo contacto permanente para explicarlles todas as posibles solucións e as súas consecuencias.

Para a súa información, aínda que sabemos que iso non lles interesa en absoluto, este goberno leva moito tempo traballando na solución dun problema que non xerou o concello, posto que esa empresa ten embargos doutras administracións que estamos obrigados a satisfacer.

Así mesmo, e froito da urxencia que ten para este goberno chegouse a asinar unha orde de servizo para o personal encargado da tramitación deste expediente para traballar fora do horario laboral e axilizar así a súa tramitación.

PREGUNTA 5. DESTROZANDO O PATRIMONIO. Como se recolle nos medios e como foi denunciado por varios colectivos cívicos da vila o seu interese por preservar o patrimonio é nulo. Nas últimas datas tanto o edificio da Biblioteca Municipal coma o Torreón dos Andrade sufriron importantes agresións patrimoniais (seguramente irreparables) a causa da colocación de sinalética. Quen é responsable por parte do Concello destas actuacións ? Cales foron as indicacións para realizar o traballo ?? Oralmente ou por escrito ? Que empresa realizou os traballos ?? Que medidas vai tomar o concello (protocolos de traballo, supervisións...) para protexer o patrimonio e evitar casos similares no futuro ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 5. En primeiro lugar, o compromiso de conservación do patrimonio que ten este goberno é moi superior o que tiñan vostedes cando formaron parte do mesmo no pasado. Todos temos en mente algunhas actuacións realizadas naquela época, coma por exemplo a fermosa “captese a ironía” Praza do Convento.

Foi este goberno o que realizou tarefas e adicou grandes cantidades de recursos á recuperación do noso patrimonio. Sirva como exemplo os traballos de limpeza e recuperación no Castelo de Andrade realizados meses atrás.

Sobre os dous casos en concreto que vostedes citan compre aclarar en primeiro lugar que o Torreón dos Andrade non sufriu ningún dano posto que a sinalética á que fan vostedes referencia, unha delas instalada provisionalmente, foi ancorada nun muro que carece de valor patrimonial posto que data da década dos anos 50. Sería convinte polo tanto para alguén que dí defender o patrimonio informarse sobre a historia do mesmo.

Sobre as columnas da biblioteca municipal recoñecemos o desafortunado desa instalación realizada por personal eventual no ano 2019.

A instalación desas dúas sinais foi ordeada polo goberno local para o que debería terse realizado cunha brida metálica tal e como estaba con anterioridade. Neste goberno local non fomos conscientes da utilización doutro sistema ata a publicación desas imaxes. É mais, tendo en conta que levan preto de 4 anos instaladas, e á vista da súa pregunta queda claro que ningún dos membros da corporación, incluídos vostedes, decatáranse de tal feito.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PREGUNTA 6. ESCOLA INFANTIL. Ao respecto da Escola Infantil "Chalé Rosa", vendo que existían familias que non estaban dacordo ou non podían cumprir cos mínimos (entregados unha vez iniciado o curso) das xornadas existentes de mañá de 6h, de tarde de 4h e completa de 8h. Por que o Concello non adaptou os horarios -para efectos da gratuidade- do Chalé Rosa dando unha opción aos mínimos marcados? É tan difícil aumentar unha xornada de 3h, ademais das xa existentes, de mañá de 6h e de tarde de 4h ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 6. A Escola infantil Municipal ofrece un servizo educativo de carácter non obrigatorio. Se accedes a él é por necesidade, non só coma medida de conciliación.

Ofrécense 4 xornadas coma medida de conciliación que poucas escolas ofertan noutros concellos e no que de ter xustificada o mínimo de asistencia non perderían a gratuidade.

O principio de curso deuse as familias a posibilidade dentro dos nosos horarios de axustalos a un mínimo:

Xornada completa: asistencia mínima 6/7 horas (dentro da contemplada con 8 horas)

Xornada 6 horas de mañá: asistencia mínima 5 horas.

Xornada 6 horas de tarde: asistencia mínima 5 horas.

Xornada de 4 horas de tarde: asistencia mínima 3 horas.

A pesar de esas opción as familias dirixen a súa queixa a Política Social, polo que nos vimos obrigados a solicitar aclaración sobre o noso procedemento dende o Concello á Xunta, e textualmente responden:

.. Polo tanto, e agás situacións puntuais que deben ser xustificadas, os nenos e nenas deben cumprir a xornada pola que optaron ás súas familias ..

A día de hoxe moitas familias axustaron o horario á realidade do uso desta medida como servizo de atención infantil non obrigatoria.

A gratuidade deste servizo foinos comunicada unha vez iniciado o proceso de baremación e tendo xa pechada coa empresa que xestiona a escola as necesidades de persoal para prestar o servizo, o que imposibilita a súa modificación, tanto polos quebrantos que iso xeraría no normal funcionamento, distribución de persoal e necesidades do mesmo que está establecido.

PREGUNTA 7. TAXIS. Nas respostas do pleno de xaneiro, informaron dunha inminente reunión coa asociación de taxistas de Ponte deume para tratar de solucionar diferentes queixas da veciñanza sobre o servizo. Poden indicarnos en que termos se desenvolveu dita reunión? Chegaron a algún tipo de acordo?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 7. Por distintos motivos tivo que pospoñerse, celebrárase tras a Semana Santa.

PREGUNTA 8. PONTE DE PEDRA. A pasada semana presentaban xunto co delegado do goberno un proxecto de reforma da ponte de pedra. Consideramos a obra de suma importancia, tanto pola necesidade histórica da actuación como polo coidado que debe terse ao tratarse dun elemento de grande valor simbólico para a veciñanza. Xa que non tiveron a mínima cortesía de convidarnos nin sequera de informarnos, ten o Concello o proxecto definitivo para a súa consulta? A recreación da obra terminada mediante as imaxes virtuais distribuídas á prensa son realistas e rigorosas ?? Ou son mera propaganda socialista ? Dende o BNG cremos que esta ponte é a porta de entrada á nosa vila e polo tanto a súa transformación deber levarse a cabo con exquisito respecto tanto estético como funcional. Cal é a data prevista para o inicio das obras ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 8. Este proxecto, como xa se lles comentou a vostedes hai moito tempo en pleno, comezou a súa redacción hai anos. Lembren que xa naquela sesión



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

plenaria trasladouselles que, entre outras cuestións ampliaríanse as beiraruas, substituírse a balaustrada , etc..

O acto de presentación foi organizado pola delegación do goberno quen se ocupou de convidar aos asistentes. Tal e como se explicou ese día, a recreación da obra que está a circular non se corresponde co acabado final que terá a ponte posto que foi elaborada tendo en conta o proxecto inicial que sufriu modificacións a raíz das consideración trasladadas por este concello .

Compre aclarar que foi remitida por erro dende o servizo de comunicación do ministerio.

PREGUNTA 9. CEMENTADAS. No espazo público que están pretendendo modificar na confluencia de Ricardo Sánchez coa praza Maestro Álvaro Vázquez, cal é a porcentaxe de superficie drenante que se contempla? No PMUS que vostedes encargaron que solucións recomendaban para este espazo ? Plantaranse as árbores que aparecen nas infografías que se presentaron a veciñanza? Estas obras de reurbanización están aliñadas cos obxectivo de desenvolvemento sostible ?

RESPOSTA DO GOBERNO. Pregunta 9. A superficie drenante que se contempla supera os 800m2. O PMUS que nós encargamos e que foi aprobado en pleno está á súa disposición, xa que para poder votalo, tiveron vostedes que velo con anterioridade, ou eso esperamos, xa que o contrario diría moito e malo da súa labor. Están aliñadas cos ODS.

PREGUNTA 10. PXOM + PEPRI. No título VI: Normas particulares en solo urbano, do PXOM, no seu punto 6.3.1. PE1. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE PONTEDEUME di textualmente: "En todo o ámbito delimitado para a aprobación do PEPR do Casco, en tanto non se aprobe definitivamente a normativa urbanística de protección, non se admitirán modificacións nas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións de volume, parcelacións nin agregacións e, en xeral, cambios que afecten a harmonía do conxunto, e ás únicas obras permitidas serán as de consolidación, restauración e rehabilitación". Nos dous últimos mandatos, non foron quen de aprobar o tan necesitado e imprescindible Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Histórico. Nos últimos 8 oitos o seu goberno cantas licencias aprobou para o casco histórico que alteraran o volume, modificaran as aliñacións ou as rasantes ?

O Sr. Alcalde-Presidente indica que non puideron dar resposta a esta última pregunta das presentadas polo grupo municipal do BNG, "xa que as preguntas foron entregadas onte, e no departamento de urbanismo non hai aparelador, intentaron localizado e non foi posible, sen embargo pensa que son poucas

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e seis minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 27/04/2023, segundo o borrador asinado o día 21/04/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.